



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES IV CICLO, EN ACTIVIDADES DE CARÁCTER FORMATIVO E DIVULGADOR EN MATERIA DE CONSUMO.

En Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, _____, director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en diante IGCC), nomeado polo Decreto 192/2020, do 20 de novembro (DOG núm. 236, do 23 de novembro de 2020), actuando en nome e representación do IGCC, en virtude das facultades que lle confire o artigo 13 dos Estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG núm. 160, do 25 de agosto de 2016), e o artigo 1 da Resolución do 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG núm. 74, do 18 de abril de 2017);

Doutra, _____, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con _____, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, nomeado por Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo de 2022) actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (BOE núm. 70, do 23 de marzo de 2023) e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (BOE núm. 50, do 27 de febreiro de 2014).

Ambas dúas partes teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte **convenio de colaboración**, e



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o IGCC é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que o Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o artigo 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividades interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial por ser persoas consumidoras vulnerables.

Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo.

TERCEIRO.- Que a protección ás persoas consumidoras vulnerables, ten por obxecto acadar un alto nivel de protección na nosa Comunidade Autónoma enmarcándose no programa de Consumo Responde; especialmente no ámbito rural.

Así, dentro do ámbito de persoas consumidoras vulnerables contéplase a realización dun programa formativo para maiores de toda a comunidade galega, dando a coñecer os dereitos que teñen como tales persoas consumidoras, así como unha formación para un consumo máis responsable, consciente e sustentable, en bens e servizos como a luz, o gas, telefonía, internet, conta de pago básica, ... aprendendo así mesmo a facer valer os devanditos dereitos.



CUARTO.- Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento. Segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

QUINTO. – Que a Universidade de Santiago de Compostela ten posto en marcha, no marco do Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, diversas actividades e diplomas para os maiores de 50 anos, así como obradoiros e seminarios en concellos de carácter rural para achegar o coñecemento á cidadanía.

SEXTO. - Que ambas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións e fins establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e divulgador a través deste convenio, realizando de forma conxunta actuacións formativas sobre consumo responsable dirixidas especificamente ás persoas consumidoras vulnerables maiores de 50 anos a través de diversos programas.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo e divulgador en materia de consumo, no marco do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios



humanos, materiais e organizativos en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, especialmente, das persoas máis vulnerables.

O fomento da formación e a educación das persoas máis vulnerables a nivel social como persoas consumidoras e usuarias, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable e eficiente nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante. Especialmente, en temas tan importantes como o sobre endebedamento e os servizos que cobren necesidades básicas como a luz, o gas, telefonía, ...

O empoderamento das persoas usuarias como persoas consumidoras e usuarias, así como o fomento do coñecemento destes recursos por toda a cidadanía.

A promoción das persoas consumidoras e usuarias dunha maneira integral: necesidades básicas, consumo responsable e colaboración social. Prestarase especial atención ás persoas maiores vulnerables.

SEGUNDA.- Actuacións formativas

Realización de talleres/obradoiros sobre diferentes temáticas de consumo responsable de interese para os colectivos de persoas máis vulnerables, que se impartirían na modalidade presencial nas aulas universitarias e nos concellos propostos polo IV Ciclo.

TERCEIRA.- Temática dos talleres

As temáticas a tratar nos talleres serán os temas acordados de maior interese, atendendo ao colectivo de persoas ao que van destinadas.

CUARTA.- Horario

Os talleres realizaranse en horario de mañá ou tarde, segundo se acorde co IV Ciclo da USC e sería unha formación de 1 hora e/ou 1 hora e media cada obradoiro, adaptándoa ás necesidades das entidades colaboradoras, técnicos e persoas usuarias.



QUINTA.- Persoas destinatarias

A formación en consumo está destinada a persoas maiores de 50 anos da comunidade autónoma galega.

SEXTA.- Obrigas do IGCC

O IGCC, en base á súa experiencia e coñecemento das distintas problemáticas que afectan ás persoas consumidoras, deseñará e elaborará os contidos dos talleres/obradoiros e a formación, incluída a súa execución, e realizará calquera outra actuación que sexa considerada de interese común para ambas as partes en relación coa actividade obxecto do convenio.

SÉTIMA.- Obrigas do IV Ciclo da USC

1º.- Difundir os talleres/obradoiros e a formación que se impartan.

2º.- Coordinar e xestionar o lugar de impartición dos talleres/obradoiros, especialmente nos concellos do rural.

3º.- Facer de canle para achegar información ás persoas consumidoras vulnerables maiores de 50 anos.

4º.- Visualizar a colaboración das partes asinantes nas actuacións que se realicen no marco deste convenio.

OITAVA.- Condicións económicas

O presente convenio non supón custo para as partes.

NOVENA.- Coordinación técnica das actuacións

A coordinación técnica dos talleres realizarase a través dun grupo de coordinación composto pola persoa ou persoas que designe a USC, e polos correspondentes representantes do IGCC.



No seno deste grupo, poderán decidirse as actuacións que se consideren precisas para potenciar o presente convenio, incluíndo a posibilidade propoñer convenios de ampliación a outras materias de consumo non contempladas no presente documento.

No marco do presente convenio inclúese así mesmo, o intercambio entre ambas as institucións participantes de material divulgativo e publicacións que cada unha delas teña realizado en materia de consumo. Nas publicacións ou documentos divulgativos elaborados en virtude deste convenio constará a identificación, como colaboradoras, de ambas institucións.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento

Para a valoración global do grao de cumprimento do convenio créase unha comisión paritaria de seguimento, formada por dous representantes de cada entidade, sendo presidida por un dos representantes do IGCC.

A comisión deberá reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e sempre que llo solicite unha das dúas partes.

Está comisión será competente para resolver os problemas que poidan suscitarse en canto á interpretación e cumprimento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución do convenio

Son causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordar a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio e noutras leis.



Os efectos da resolución do convenio serán os establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA.- Non existencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que realicen os talleres deste convenio e o IGCC.

DÉCIMO TERCEIRA .- Confidencialidade

As partes deberán respectar fronte a todas as persoas non directamente intervenientes e terceiros en xeral, unha confidencialidade estrita e rigorosa respecto a toda información, documentación e modalidades concretas de implementación de proxectos á que se teña acceso en virtude da execución do convenio, adoptando as medidas para que o persoal vinculado directa o indirectamente ao seu cumprimento tome as medidas necesarios a tal finalidade.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos

Ambas as partes comprométense a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), así como co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e calquera outra lexislación.

As partes comprométense a adoptar as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado tendo en conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que estean expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural. Para estes efectos, comprométense a aplicar, de acordo con o establecido na normativa pertinente, as medidas de seguridade que conforme a avaliación de riscos determinaran.



DÉCIMO QUINTA.- Publicación de datos

A USC consente expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros e portal antes citados ante a Dirección Xeral do Comercio e do Consumo, sita nos Edificios Administrativos, San Caetano s/n, de Santiago de Compostela.

DÉCIMO SEXTA.- Vixencia

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro de 2024. Todo isto sen prexuízo da posibilidade, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto, de que os asinantes do convenio acorden unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as súas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, en lugar e data arriba indicados

Asinado de maneira electrónica

O DIRECTOR DO INSTITUTO GALEGO DO
CONSUMO E DA COMPETENCIA

O REITOR DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA

